



Herald Toupeiras • Central Sindical Independente e de Funcionarios



**HT**  
Herald Toupeiras  
Estamos **X**ti



# News Semanais

*Do 11 ao 16 de abril*

# 2016

# INDICE:

1. UNHA NOVA SENTENZA VOLVE POÑER EN DÚBIDA A ACTUACIÓN DOS TRIBUNAIS DE OPOSICIÓN DA XUNTA
2. MODIFICACIÓN PARCIAL DA RPT DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U.
3. REUNIÓN PREVIA Á NEGOCIACIÓN RELATIVA AO PROXECTO DE DECRETO DE ORDENACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE GARDACOSTAS DE GALICIA
4. NOVAS DE PROCESOS SELECTIVOS E CONCURSOS DE TRASLADOS NA ADMINISTRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
5. DATOS DE FLEXIBILIDADE E TELETRABALLO DO PERSOAL DA XUNTA DE GALICIA
6. AGRESIONES A EMPLEADOS PÚBLICOS: TOLERANCIA CERO
7. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA
8. CURSOS PARA EMPREGADOS PÚBLICOS DA EGAP E O INAP
9. CONCURSO INFANTIL DE POESÍA PARA OS FILLOS E FILLAS DE EMPREGADOS PÚBLICOS
10. OUTRAS NOVAS: LEX, OFERTA EMPREGO PÚBLICO, RESIDENCIAS XUVENÍS...
11. THE WEEKLY PRESS





sumando



## 1. UNHA NOVA SENTENZA VOLVE POÑER EN DÚBIDA A ACTUACIÓN DOS TRIBUNAIS DE OPOSICIÓN DA XUNTA

**CSI-F urxe a que se adopten maiores medidas de control que poñan fin á desconfianza que está calando ante a opinión pública en xeral e opositores en particular achega da limpeza nos procesos selectivos**

Unha nova sentenza, esta vez do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 9/12/2015, que obriga ao tribunal dunha oposición para o acceso ao corpo superior da Xunta a motivar os criterios de corrección adoptados, tal e como recolle a reiterada doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo, volve poñer en dúbida a actuación dos tribunais nas oposicións convocadas pola administración autonómica. Esta nova sentenza súmase ás dúas denunciadas recentemente pola Central Sindical Independente e de Funcionarios, CSI-F Galicia, ambas do Tribunal Supremo, que acusaban aos tribunais de selección de escapar a todo tipo de control e dos límites da discrecionalidade técnica.



Nesta nova sentenza, o TSXG reconece que, fronte á petición da opositora de revisar a súa nota e de motivar adecuadamente a puntuación outorgada, o tribunal de selección emitiu un informe onde non se facía referencia concreta á solicitude de revisión ou explicación da puntuación outorgada, senón referencia xenéricas aos criterios de corrección empregados sen explicar por que a súa aplicación conduce ao resultado individualizado. Pero, é máis, non só non se dan as explicacións esixidas senón que quen asina o informe remitido ao Superior nin sequera é membro do tribunal de avaliación, tal e como destaca o TSXG: "**A falta de motivación do resultado patentízase aínda máis si se ten en conta que quen asina o devandito informe non é unha das persoas que formou parte do tribunal que avaliou á opositora**".

Nova figura do "OBSERVADOR SINDICAL"

Ante este goteo de sentenzas e ante a inminencia da realización de novas oposicións pola OPE 2016, CSI-F considera necesario **poñer fin á situación de desconfianza que está calando ante a opinión pública en xeral e opositores en particular achega da limpeza das oposicións** na Xunta de Galicia. "A actuación do Goberno galego non só debe de ser honrada, senón que tamén debe de parecelo", sostén o sindicato independente, que urxe a que se adopten medidas "para poñer fin ás reiteradas sentenzas xudiciais que revogan resolucións dos tribunais de selección e que non só prexudican a imaxe destes tribunais ou da propia Xunta, senón que tamén **repercute na imaxe negativa de todo o colectivo de empregados públicos**".

Neste sentido, CSI-F insiste na necesidade de **ditar unha nova regulación do funcionamento dos Tribunais de Selección**, que emanan da época do bipartito e que se demostrou máis que insuficiente para garantir a obxectividade dos procesos selectivos. Por iso, reitera a necesidade de que o proceso de negociación das novas normas "que está paralizado desde 2010- recolla, entre outras medidas, a creación da figura do "observador sindical" que, sen formar parte dos tribunais, garanta o bo desenvolvemento, obxectividade e legalidade de todo o proceso". Esta figura xa está implantada noutras Administracións para garantir a legalidade e o bo desenvolvemento dos procesos.

Abordar novos procesos selectivos sen esta nova regulación xeraría unha desconfianza que en nada axuda á imaxe da Xunta de Galicia.



## Aclaración:

O Tribunal Supremo establece que o contido da motivación, que é o que se incumpre, debe de cumprir polo menos as seguintes esixencias:

- expresión do material ou as fontes de información sobre as que vai operar o xuízo técnico;
- consignación dos criterios de valoración cualitativa que se utilizarán para emitir o xuízo técnico;
- e
- expresión do por que a aplicación deses criterios conduce ao resultado individualizado que outorga a preferencia a un candidato fronte aos demais.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2016



[El TSXG también cuestiona en una sentencia la limpieza en procesos selectivos de la Xunta](#) LA VOZ DE GALICIA

[Revés del TSXG a la actuación de los Tribunales de Oposición.](#) EL CORREO GALLEGO

[Una sentencia del TSXG insta al tribunal de una oposición a motivar los criterios de corrección](#) FARO DE VIGO

[Unha nova sentenza volve poñer en dúbida a actuación dos Tribunais de Oposicións da Xunta](#) EL CONFIDENCIAL

## 2. MODIFICACIÓN PARCIAL DA RPT DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U.

O pasado xoves mantivemos unha xuntanza co secretario xeral técnico e responsables de persoal da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para tratar a modificación parcial da RPT da dita consellería. Que sexa parcial, e trate de solucionar, segundo a administración, problemas puntuais e urxentes neste momento para o normal desenvolvemento dos servizos públicos deste departamento dependentes.

As modificacións que se presentan están agrupadas en dúas grandes áreas, a de cultura e a de educación.

I. Dentro da **área de cultura** propóñense dous grupos de amortizacións;

- Amortizacións de prazas vacantes e sen dotación orzamentaria:** neste punto amortízanse **16 prazas vacantes** sen dotación orzamentaria, como obriga derivada do artigo 25 da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

A Administración **tiña un prazo de tres meses** para realizar estas amortizacións e non se realizaron xa que estaban á espera de que se completasen determinados procesos selectivos e pretenden amortizalas agora.

- Amortizacións realizadas para financiar a creación e modificación doutros postos:** neste apartado amortízanse un total de 14 postos (8 de persoal funcionario e 6 de persoal laboral).

De todos estes postos, catro están ocupados, un deles por un/unha funcionario/a en adscripción provisional, outro por persoal laboral temporal e outros dous. **Dende a CSI•F non podemos apoiar ningunha amortización, por moito que se trate de prazas vacantes, xa que estando dotadas orzamentariamente poden ser ocupadas por persoal interino, ou ofertadas a procesos de promoción interna e/ou de acceso libre.** E menos aínda podemos concordar coa amortización de prazas ocupadas con independencia do tipo de persoal que ocupe este posto, xa que, no caso do persoal laboral temporal suporá a finalización da relación laboral e no caso do persoal laboral indefinido non fixo, supón claramente un **despedimento** deste persoal.

3. No apartado de **creacións**, encontrámonos con que se propón amortizar, nada máis e nada menos que 14 postos, para financiar a creación de **3 postos** (e a modificacións).

Polo que se refire ao posto de **"Xefatura de Sección da Biblioteca Dixital de Galicia"**, establécese para a súa cobertura polo sistema de CONCURSO de méritos e en exclusiva para funcionarios da Xunta de Galicia, pero establecendo como requisito imprescindible o "Curso de Desenvolvemento de Bibliotecas dixitais", que se define na propia xustificación funcional como un curso "normalizado que imparte o Estado sobre este tema". Por moito que se convoque anualmente e que sexa accesible para todo o persoal da escala de arquivos, bibliotecas e museos e tanto a o subgrupo A1 e A, a realidade e que este vai ser o primeiro ano no que se convoque ao persoal das Comunidades Autónomas na oferta correspondente. Polo tanto, entendemos que o número de funcionarios que poden optar a este posto é escaso, e **solicitamos, polo tanto, a retirada do dito requisito,** pola súa especificidade.



Polo que se refire á creación de **dous postos de persoal subalterno** no Museo das Peregrinacións, entendemos que este persoal ten que ser retribuído do mesmo xeito que o resto de persoal subalterno que presta servizos fora da xornada ordinaria de mañá, e polo tanto, **solicitamos que se realice esta equiparación por medio do correspondente complemento específico.**

4. Tamén se introducen **modificacións** nunha serie de postos:

a. **Modificacións de xornada nunha serie de postos tanto de persoal funcionario como de persoal laboral**, dependentes da Subdirección Xeral de Bibliotecas e das Bibliotecas nas que figuraba a previsión "cando sexa vacante pasar á xornada de mañá ou tarde que pasan a ter **"XORNADA DE MAÑÁ OU TARDE"**. Neste caso temos varios problemas que expoñer:

- o No caso das **prazas de persoal laboral** afectadas por esta modificación (claramente unha modificación substancial das condicións de traballo) se inclúe nas mesas o correspondente complemento de dispoñibilidade horaria, incorrendo, claramente nunha **discriminación** para o **persoal funcionario**, que ve igualmente modificadas as súas condicións de traballo sen compensación algunha.

A única explicación que da a Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, e que as dispoñibilidades orzamentarias non permiten recoñecer este incremento retributivo.

En conclusión, estase a producir unha indefensión e unha clara **discriminación do persoal funcionario**, que non pode reclamar o cumprimento dunha serie de requisitos para unha modificación substancial das condicións de traballo e que tampouco será retribuído polos prexuízos que se causen. As decisións das quendas de traballo quedarán, segundo a

Administración, en mans da dirección dos diferentes centros de traballo, o que, auguramos, abrirá unha etapa de conflitos nos mesmos.

- As modificación propostas xustificanse na falta de persoal que se produce nos diferentes servizos, e polo incremento do número de usuarios da rede pública de bibliotecas, aínda que non temos datos precisos sobre o dito incremento máis alá dunha cuantificación do 73%. Entendemos que a falta de persoal ven herdada dos sucesivos recortes por vía de amortizacións e da non cobertura das vacantes (xubilacións, baixas, etc).
- Ademais das ditas cuestións solicitamos que se retire da memoria a referencia aos "efectivos en xornada ordinaria relativamente **ociosos** fronte a un importante déficit nas quendas". Moi a pesar de que non dubidamos de que o adxectivo "ociosos" non se emprega con ánimo ofensivo, segundo nos explicaron os responsables da consellería, entendemos tamén que é absolutamente innecesario facer esta referencia respecto a un colectivo xa de por si tildado continuamente de ocioso.

Por esta modificación están **afectadas un total de 31 prazas**, 17 de persoal funcionario e 14 de persoal laboral.

- b. **Incremento do nivel de complemento de destino e específico** de 26 prazas de técnico/as medios/as de bibliotecas, 16 técnicos/as medios/as de arquivos e 13 técnicos/as medios/as de museos, que pasan do 16 ao 18, segundo se explica na propia memoria funcional para "compensar dalgún xeito as novas condicións de traballo que debe asumir este persoal (...)". Entendemos que isto é o que debe ser, e polo tanto, pedímoslle á Administración que se aplique o seu propio conto e non discrimine a ningún empregado público.
- c. **Clasificación dun posto base do subgrupo A2**, nivel 18, que pasa a ter **nivel 25**. Este posto cambia tamén de denominación ("Sección de Apoio Lingüístico") é modificado por mor dunha sentenza favorable que obtivo un traballador do Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela e confirmada polo TSXG que declara nula a sanción de suspensión de funcións por un período de 14 meses imposta tras un expediente disciplinario.

## II. Polo que respecta **área de educación** propóñense os seguintes cambios:

1. **Creacións de postos de traballo:** Polo que respecta a este posto, trátase ao posto creado de xefatura de sección de Universidades N-25 na S.X. de Universidades realizará funcións inspectoras, e pola realización das mesmas establécese como requisito imprescindible a posesión do carné de conducir. Entendemos que as tarefas inspectoras requiran de que os inspectores se despracen a donde deban desenvolver as súas tarefas, pero non o establecemento de requisitos imprescindibles nos postos, tampouco nos de inspeccións, xa que os desprazamentos poden facerse noutros medio como no transporte público, por exemplo.
2. **Amortizacións de postos de traballo:** no capítulo de amortizacións, suprímense un total de 9 postos, como ven sendo habitual, 8 de eles postos base (4 do subgrupo A1 e outros 4 do C2).

Temos prazo para presentar **alegacións ata o próximo 22 de abril** e xa se acordou a celebración dunha nova reunión para o vindeiro martes 26 de abril.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2016.



### 3. REUNIÓN PREVIA Á NEGOCIACIÓN RELATIVA AO PROXECTO DE DECRETO DE ORDENACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE GARDACOSTAS DE GALICIA

No transcurso da reunión mantida o pasado martes corresponsable da Consellería do Mar e do Servizo de Gardacostas de Galicia, presentouse un proxecto de decreto de ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia, que ven a substituír ao Decreto 157/2005, do 26 de maio, e que responde á necesidade de "establecer con precisión as funcións dos diferentes postos de traballo" máis dende a creación no 2010 da "escala operativa".

No transcurso da dita reunión manifestamos a nosa oposición ao contido da Disposición Final 1ª, que ven a modificar parte do réxime establecido na Orde do 2 de maio de 2006 pola que se establece o réxime de prestación de servizos, horarios, vacacións, licenzas e permisos e compensacións económicas para percibir polo persoal do Servizo de Gardacostas de Galicia.

En concreto, por medio da dita DF 1ª introdúcese unha serie de modificacións das que destacamos as seguintes:

- Modifícase o apartado 1 do artigo 2, que queda redactado como segue: " A xornada de traballo do persoal adscrito ao Servizo de Gardacostas de Galicia será a establecida, con carácter xeral, para que todos/as os/as funcionarios/as da Xunta de Galicia, sen que exceda, salvo circunstancias excepcionais ou de forza maior, o número máximo de horas semanais establecidas en cómputo mensual. Ó dito persoal desenvolverá a súa xornada de traballo en quendas entre as 24.00 horas, todos os días do ano, adaptado o seu horario ás necesidades do servizo, de conformidade coas quendas programadas semestralmente, de acordo co artigo 6 desta orde, ou da programación semestral correspondente, no caso de non ser coincidentes a última programación semanal conformada prevalecerá sobre calquera programación anterior".



Polo que se refire á modificación pretendida, entendemos que a modificación da programación semestral comunicada aos traballadores e que lles permite conciliar a súa vida persoal e familiar co desenvolvemento do seu traballo **debe estar suficientemente motiva e xustificada** en causas de forza maior, que deberían ser recollidas ou, cando menos, máis especificadas para evitar abusos na aplicación da dita disposición.

- Engádese un parágrafo no artigo 2 que pasa a ser o 4º, e que establece que "non obstante o disposto no apartado anterior, cando sexa necesaria a realización dun servizo cuxo desenvolvemento coincida nas horas de cambio entre dúas quendas, poderán modificarse as horas de inicio e remate da quenda correspondente sen alterar a súa duración".

Segundo os responsables da Consellería de Mar con esta disposición preténdese limitar as prolongacións de xornada, establecendo xa na quenda na que estea prevista unha duración maior da xornada un horario diferente e acorde para o seu comezo.

Por parte da Administración maniféstase a vontade de reconsiderar a inclusión desta disposición final primeira, e que dese modo as modificacións que sexa necesario realizar na Orde do 2 de maio, poderían facerse no seo da Comisión de Seguimento da dita Orde da que mesmo poderían saír as modificacións oportunas ou mesmo unha nova orde.



Outro punto de disenso coa proposta da administración sitúase no artigo 34 do decreto, que establece dentro das funcións dos vixiantes/mariñeiros a ante a boa orde e limpeza da cuberta, ponte de goberno e habilitación" (artigo 34.1.b)). Neste punto entendemos que a orde e limpeza debe ser cousa de todos aqueles que estean a bordo e non unicamente nesta categoría. Polo tanto, este precepto debe reflectir que é a tripulación, en xeral, a que debe manter a orde e limpeza da nave.

En todo caso, poderanse presentar unhas primeiras alegacións a esta proposta con ata a próxima semana e convocarase unha nova reunión para abordar as propostas concretas que se acheguen.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2016

## 4. NOVAS DE PROCESOS SELECTIVOS E CONCURSOS DE TRASLADOS NA ADMINISTRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

### QUENDA PROMOCIÓN INTERNA - CORPOS XERAIS

#### • Subgrupo A1 corpo superior

Data prevista 1º exercicio: 4 de xuño

- [ORDE do 11 de abril de 2016 pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2.](#)

Data prevista 1º exercicio: 3 de xuño

- [ORDE do 11 de abril de 2016 pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1.](#)

Data prevista 1º exercicio: 27 de maio

- [ORDE do 11 de abril de 2016 pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2.](#)

Data prevista 1º exercicio: 28 de maio

### QUENDAS ACCESO LIBRE E PROMOCIÓN INTERNA

#### • Subgrupo A1 Escala de finanzas

Data prevista 1º exercicio: 11 de xuño

[ORDE do 11 de abril de 2016 pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de finanzas.](#)


Data prevista 1º exercicio: 10 de xuño


- [RESOLUCIÓN do 8 de abril de 2016, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de enxeñeiros/as de minas, convocado pola Orde do 9 de maio de 2014 \(Diario Oficial de Galicia número 99, do 26 de maio\), pola que se dá publicidade a diversos acordos.](#)

## CONCURSO DE TRASLADOS DAS ESCALAS DE ESTADÍSTICOS

- [RESOLUCIÓN do 11 de abril de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproba a relación definitiva de \*\*admitidos e excluídos do concurso \(F0116\)\*\* para a provisión de postos de traballo vacantes do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, escala superior de estatísticos, e do corpo de xestión da Xunta de Galicia, escala técnica de estatísticos, convocado pola Resolución do 18 de xaneiro de 2016.](#)

## 5. DATOS DE FLEXIBILIDADE E TELETRABALLO DO PERSOAL DA XUNTA DE GALICIA

DATOS A 31 DE MARZO DE 2016: FLEXIBILIDADE E TELETRABALLO			
	TOTAL APROBADAS	SERVIZOS CENTRAIS	SERVIZOS PERIFÉRICOS
FLEXIBILIDADE AUTOMÁTICA	7.649	2.926	4.723
FLEXIBILIDADE CONCILIACIÓN POR	1.030	411	619
TELETRABALLO (APROBADAS)	81	67	14
TELETRABALLO (PRORROGADAS)	59	42	17

	TOTAL DENEGADAS	SERVIZOS CENTRAIS	SERVIZOS PERIFÉRICOS
FLEXIBILIDADE AUTOMÁTICA	26	1	25
FLEXIBILIDADE CONCILIACIÓN POR	13	1	12
TELETRABALLO	56	24	32

O vindeiro **20 de abril de 2016** haberá unha reunión da Comisión de seguemento de flexibilidade e teletraballo da Xunta de Galicia que teñen como asuntos na orde do día a Evolución e situación da flexibilidade e teletraballo na Xunta de Galicia dende a súa posta en marcha e a análise das cuestións presentadas pola Xunta de Persoal en relación á Orde de 20 de decembro de 2013.



## 6. AGRESIONES A EMPLEADOS PÚBLICOS: TOLERANCIA CERO



### LAS OFICINAS DE LA ADMINISTRACIÓN REGISTRARON MEDIO MILLAR DE AGRESIONES Y SITUACIONES VIOLENTAS EN 2015

Las agresiones en las oficinas de empleo se incrementan un 56 por ciento en el último año. Las prisiones registraron más de 2.000 agresiones a funcionarios en los últimos 10 años.

Las oficinas de la Administración General del Estado de atención presencial al público registran **al menos un caso diario de amenazas y agresiones físicas sobre los empleados públicos**, según datos recabados por CSI•F.

La grave situación de paro que afrontan los españoles hacen **de las oficinas de empleo uno de los puntos calientes** y son el único departamento que cuenta con un protocolo que contabiliza de manera sistemática estos casos. Según datos oficiales, **a lo largo de 2015 se registraron 326 casos, un 56 por ciento más respecto a los 208 del año pasado.**

A esta cifra habría que añadir los casos que se producen en ámbitos como la Seguridad Social, Médicos evaluadores, la Inspección de Trabajo, las encuestas presencial del Instituto Nacional de Estadística o los examinadores de tráfico, que han generado al menos medio millar de agresiones y situaciones violentas a lo largo de 2015. La palabra también humilla y ofende, el insulto es una agresión.

[Seguir lendo](#)

## 7. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

### [CONCELLO DE ALFOZ - BOP LUGO, 4 DE ABRIL](#)

Procedemento para a cobertura de xeito interino da praza de **(1) técnico de xestión**, Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, Grupo A, subgrupo A 2, pertencente ao cadro de persoal funcionario mediante o sistema de selección de concurso-oposición libre.

#### REQUISITOS DA TITULACIÓN

Posuír a titulación esixida para acceso a Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, Grupo A-Subgrupo A2, será necesario estar en posesión dalgún dos seguintes títulos académicos: de Grao, Enxeñeiro Técnico, Diplomado Universitario, Arquitecto Técnico ou equivalentes.

#### PRAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES

**10 días naturais** contados a partir do seguinte ao de publicación desta convocatoria e bases no BOP.

### [CONCELLO DE BEGONTE - BOP LUGO, 15 DE ABRIL](#)

Convocatorias para a selección de persoal laboral temporal mediante concurso de **dous peóns tractoristas, un oficial de 2ª condutor e 4 peóns.**

As bases poden consultarse na web [www.concellodebegonte.es](http://www.concellodebegonte.es) e a presentación de solicitudes é de **cinco días hábiles** a contar desde a publicación deste anuncio no BOP.

## [CONCELLO DE BETANZOS - BOP CORUÑA, 15 DE ABRIL](#)

Bases contratación temporal a tempo parcial dun/ha **dinamizador do Plan de Inclusión Dixital**.

### REQUISITOS

Estar en posesión da seguinte titulación: Diplomados/as en Informática ou Educación Social.

### PRAZO

**Dez días naturais**, a contar do seguinte do anuncio no B.O.P

## [CONCELLO DE CABANAS - BOP CORUÑA, 13 DE ABRIL](#)

Convocatoria de selección de funcionario administrativo interino para a cobertura dunha praza vacante, coa seguinte denominación, escala de administración xeral, subescala Administrativa, **Administrativos**, grupo C, Subgrupo C1, nivel 20; mediante o proceso de selección de concurso-oposición.

### REQUISITOS TITULACIÓN

Estar en posesión da titulación de bacharelato superior, Formación Profesional de 2.º grao ou titulacións equivalentes ou superiores.

Celga 4 ou titulación equivalente.

### PRAZO

**Oito (8) días naturais**, contados dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP.

## [CONCELLO DE CARBALLO - BOP CORUÑA, 11 DE ABRIL](#)

Bases do proceso selectivo para a contratación en réxime laboral temporal de **35 socorristas** nas praias.polo sistema de concurso-oposición libre.

o prazo de presentación de instancias é de vinte **(20) naturais** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

## [CONCELLO DE FOLGOSO DE COUREL - BOP LUGO, 16 DE ABRIL](#)

Convocatoria e bases para selección e contratación temporal de **dúas auxiliares de axuda no fogar**.

O prazo de presentación das solicitudes é de **tres días hábiles**

## [CONCELLO DE FOZ - BOP LUGO, 16 DE ABRIL](#)

Contratación laboral temporal dos seguintes postos: un operario de obras - **oficial de 1ª e un peón**.

O prazo de presentación das instancias é de sete días naturais.

## [CONCELLO DE GUITIRIZ - BOP LUGO, 16 DE ABRIL](#)

Convocatoria para a selección de persoal laboral temporal mediante a constitución dunha **bolsa de emprego** público temporal das seguintes categorías:

- Técnico/a do Punto de Atención á Infancia (servizo de PAI)
- Auxiliar de xeriatria (servizo de CD)
- Peón de servizos múltiples (servizo de medio ambiente e infraestruturas)
- Peón-condutor/a de servizos múltiples (servizo de medio ambiente e infraestruturas)

O prazo para a presentación de instancias de **dez días hábiles** a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.



## [CONCELLO DE IRIXOA - BOP CORUÑA, 11 DE ABRIL](#)

Convocatoria de selección de persoal laboral temporal dos postos de **4 tractoristas e 2 albaneis** mediante a valoración de méritos.

O prazo de presentación de instancias é de **15 días naturais** (do 12 ao 26 de abril).

## [CONCELLO DA LARACHA - BOP CORUÑA, 13 DE ABRIL](#)

Selección para a contratación laboral temporal **3 auxiliares policía local**.

### REQUISITOS

Estar en posesión da titulación esixible para o acceso como funcionario ao grupo C2 (educación secundaria obrigatoria,

graduado escolar ou equivalente)

### PRAZO

**Dez días naturais**, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

## [CONCELLO DE MONTERROSO - BOP LUGO, 15 DE ABRIL](#)

Bases e a convocatoria para selección e contratación temporal dun **(1) técnico de turismo**.

O prazo para a presentación das solicitudes é de seis días naturais.

## [CONCELLO DE NIGRÁN - BOE, 14 DE ABRIL](#)

Resolución de 4 de abril de 2016, referente a la convocatoria para proveer **una plaza de Oficial de Policía Local**, perteneciente a la escala de Administración Especial, subescala de Servicios Especiales y clase Básica de Policía Local, mediante el sistema de concurso-oposición, en turno de promoción interna.

El plazo de presentación de solicitudes será de **veinte días naturales**, a contar desde el siguiente al de la publicación de esta resolución en el BOE.

## [CONCELLO DE NIGRÁN - BOP PONTEVEDRA, 13 DE ABRIL](#)

Aprobación convocatoria e bases reguladoras do proceso selectivo para a cobertura da praza de **subalerno-notificador** de administración xeral con carácter de funcionario/a interino/a por xubilación do seu titular, mediante o proceso de selección de oposición libre.

### REQUISITOS TITULACIÓN

Posuír o certificado de escolaridade ou equivalente e estar en posesión do carné de conducir tipo B.

### PRAZO

**10 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no BOP.

## [CONCELLO DE OLEIROS - DOG, 11 DE ABRIL](#)

Anuncio da oferta de emprego público para o ano 2016.

Persoal funcionario:

2 auxiliares administrativos, subgrupo C2, admón. xeral

Persoal laboral:

10 auxiliares de biblioteca, coa titulación de graduado en ESO

1 conserxe, co certificado de escolaridade ou equivalente

1 administrativo informático, co bacharelato ou técnico

## [CONCELLO DE PARADELA - BOP LUGO, 15 DE ABRIL](#)

Convocatoria para selección e contratación temporal dúas **(2) prazas de operarios de servizos**

O prazo para a presentación das solicitudes será de **10 días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

## [CONCELLO DE RIBEIRA - BOP CORUÑA, 14 DE ABRIL](#)

Convocatoria do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de **(10) auxiliares de policía local**, través do proceso de selección de oposición libre.

### REQUISITOS TITULACIÓN

Estar en posesión do título académico de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, Graduado Escolar ou doutro equivalente

### PRAZO

**10 días naturais**, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

## [CONCELLO DE RIBADEO - BOP LUGO, 16 DE ABRIL](#)

Bases é a cobertura dun posto de **Técnico de Medio Ambiente**, subgrupo A1, escala de Admón. Xeral-Subescala técnica.

Requisitos específicos da titulación académica: Título universitario de grao. Licenciatura universitaria.

O prazo é de **20 días naturais** contados dende o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no D.O.G.

## 8. CURSOS PARA EMPREGADOS PÚBLICOS DA EGAP E O INAP

### ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

[Resolución do 8 de abril de 2016 pola que se convocan, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, cinco cursos de nivel medio de linguaxe administrativa galega para persoal ao servizo de distintas administracións da Comunidade Autónoma de Galicia.](#)

### REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

a) Os cursos van dirixidos:

- A persoal de administración e servizos (PAS) das universidades da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A empregados/as públicos/as que presten servizos nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas na liña a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e institucións públicas autonómicas que non poidan acceder ás convocatorias de formación continua.
- Aos empregados públicos e ás empregadas públicas ao servizo das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Aos empregados públicos e ás empregadas públicas destinados na Administración autonómica de Galicia. Exceptúase o persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o persoal sanitario, sempre que non desempeñen postos na Administración xeral e que reúnan os requisitos establecidos na presente convocatoria.





Para acceder a este curso é necesario ter validado ou superado, na data de publicación desta resolución, algún dos cursos que a continuación se indican: O curso Celga 4, os cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega, o curso básico de linguaxe administrativa galega, o curso básico de linguaxe xurídica ou o curso básico de linguaxe administrativa sanitaria

O prazo de presentación de solicitudes será de **dez días naturais** contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia. e deberán de inscribirse na web da EGAP <http://egap.xunta.es/matricula>

## INSTITUTO NACIONAL DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

[Resolución de 12 de abril de 2016, del Instituto Nacional de Administración Pública, por la que se publica la cuarta edición de la modalidad semipresencial del Máster Universitario en Liderazgo y Dirección Pública](#)

Los candidatos interesados podrán obtener más información en la página web del INAP <http://www.inap.es> o en el correo electrónico [master@inap.es](mailto:master@inap.es)

El plazo de preinscripción estará abierto **hasta el 11 de julio de 2016**.

En caso de quedar plazas libres, se abrirá un plazo extraordinario de preinscripción del 15 de agosto al 12 de septiembre de 2016.

[Resolución de 12 de abril de 2016, del Instituto Nacional de Administración Pública, por la que se publica la segunda edición del Máster Universitario en Comunicación de la Administración Pública.](#)

Los candidatos interesados podrán obtener más información en la página web del INAP <http://www.inap.es>, en el correo electrónico [mastercomunicacion@inap.es](mailto:mastercomunicacion@inap.es) o en el teléfono 912 739 102.

El plazo de preinscripción estará abierto **hasta el 11 de julio de 2016**.

En caso de quedar plazas libres, se abrirá un plazo extraordinario de preinscripción del 15 de agosto al 12 de septiembre de 2016.

## 9. CONCURSO INFANTIL DE POESÍA PARA OS FILLOS E FILLAS DE EMPREGADOS PÚBLICOS

### ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

[Resolución do 6 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se fai pública a convocatoria para a concesión dos premios do concurso infantil de poesía orientado aos fillos e fillas dos empregados do sector público autonómico e das institucións de Galicia con idades entre os 8 e os 14 anos.](#)

[Extracto da Resolución do 6 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se fai pública a convocatoria para a concesión dos premios do concurso infantil de poesía orientado aos fillos e fillas dos empregados do sector público autonómico e das institucións de Galicia con idades entre os 8 e os 14 anos.](#)

Como un dos actos que a EGAP organizará para honrar as letras galegas, en concreto este ano a Manuel María, convócase un premio de poesía entre os fillos dos empregados do sector público autonómico e das institucións de Galicia, que ten como obxectivo motivalos no uso da súa lingua e na realización dunha actividade cultural que siga a esteira das cantigas medievais e de tantos poetas que engrandeceron o idioma e a cultura da nosa terra.

Por medio desta resolución establécense as bases reguladoras e anúnciase a **convocatoria**, baixo o réxime de concorrenza competitiva, do concurso de poesía infantil orientado aos fillos e fillas de empregados do sector público autonómico e das institucións de Galicia, con idades comprendidas entre os 8 e os 14 anos.

Existirán tres **premios**, cada un deles coa seguinte dotación económica:

- 1º premio: 250 euros.
- 2º premio: 200 euros.
- 3º premio: 150 euros.

O prazo será **dun mes** contado a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no DOG.

[Para Máis Información Preme Aquí:](#)



## 10. OUTRAS NOVAS: LEX, OFERTA EMPREGO PÚBLICO, RESIDENCIAS XUVENÍS...



### [PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA - DOG, 12 DE ABRIL](#)

Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da **asistencia xurídica** da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

### [AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO - DOG, 12 DE ABRIL](#)

Anuncio de convocatoria de persoal laboral temporal.

1. Praza de **xefe/a de división de conservación** - concurso de méritos.

### [EGAP - DOG, 13 DE ABRIL](#)

Resolución do 6 de abril de 2016 pola que se convoca un **curso de prevención de riscos laborais en actividades de tempo libre**, nivel básico, para empregados públicos...

O prazo de presentación de solicitudes será **do 14 ao 23 de abril** de 2016.



### [JEFATURA DEL ESTADO - BOE, 16 DE ABRIL](#)

Real Decreto-ley 1/2016, de 15 de abril, por el que se **prorroga el Programa de Activación para el Empleo**.

### [MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA - BOE, 16 DE ABRIL](#)

Real Decreto 154/2016, de 15 de abril, por el que se aprueba la provisión de plazas de las **Fuerzas Armadas** y de la Escala Superior de Oficiales de la **Guardia Civil** para el año 2016.



### [CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL - DOG, 8 DE ABRIL](#)

ORDE do 1 de abril de 2016 pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de verán 2016 **para rapaces de 9 a 17 anos e mozos de 18 a 30 anos**.

Este programa consiste en estadias de 1 ou 2 semanas en residencias xuvenís tanto en Galicia como noutras Comunidades Autónomas, durante as cales se realizan diferentes actividades, tanto de ocio e lecer como didácticas e deportivas.



## 11. THE WEEKLY PRESS

[El TSXG también cuestiona en una sentencia la limpieza en procesos selectivos de la Xunta.](#) EDICIÓN DIGITAL

[Revés del TSXG a la actuación de los Tribunales de Oposición.](#) EDICIÓN DIGITAL

[Una sentencia del TSXG insta al tribunal de una oposición a motivar los criterios de corrección](#) FARO DE VIGO

[Unha nova sentenza volve poñer en dúbida a actuación dos Tribunais de Oposicións da Xunta](#) EL CONFIDENCIAL

[Denuncian que la Xunta adjudicó una plaza de ingeniero a una licenciada en Derecho](#) FARO DE VIGO

[Denuncian que la Xunta colocó a una abogada del PP en un puesto de ingeniero](#) EUROPA PRESS

[Cárceles gallegas: más inseguras al recortar el 20% de funcionario](#) EL CORREO GALLEGO

[Estados Unidos denuncia la «corrupción sistemática» de funcionarios en España](#) RTVE

[Feijóo proclama que en Galicia houbo "cero" recortes tras minquar mil millóns en áreas sociais](#) PRAZA

[Lo caro es no conciliar](#) EXPANSIÓN

[La ANC informa de los riesgos de la secesión a funcionarios y concejales](#) NOTICIAS ESPAÑOLAS

[Las regiones suprimen 600 entes públicos para ahorrar 2.000 millones](#) EL CONFIDENCIAL

[Evaristo Nogueira: "La Justicia es la hermana menor de la Administración porque no vende votos"](#) LA OPINIÓN

[El abono de la extra de 2012 evita un nuevo descenso del presupuesto de la Universidad](#) LA OPINIÓN

[Los nuevos criterios del Sergas pueden dejar fuera a más de un centenar de médicos de familia sin plaza con 20 años de trabajo](#) LA VOZ

### Departamento Comunicación CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, baixo

15707 Santiago

Teléfono: 981 575 140

Nos puede seguir en Facebook (Herald Toupeiras) y Twitter (@HeraldToupeiras)





CSI-F Unión Provincial A Coruña  
Rúa Bugallal Marchesi, 5 - Entre chan, der.  
15008 A Coruña  
Tel. 981 134 113  
Fax: 981 060 324  
coruna@csi-f.es

CSI-F Unión Autonómica Galicia  
Rúa do Valiño, 65 - baixo  
15707 Santiago de Compostela  
Tel. 981 560 951 Fax: 981 575 140  
galicia@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Lugo  
Rúa Conde, 2 - Baixo posterior  
27003 Lugo  
Tel. 982 250 169 982 254 859  
Fax: 982 245 521  
lugo@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Pontevedra  
Rúa Marqués de Riestra, 18 - Entre chan  
36001 Pontevedra  
Tel. 986 896 900  
Fax: 986 896 901  
pontevedra@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Ourense  
Rúa Progreso, 145 - Entre chan  
32003 Ourense  
Tel. 988 241 111  
Fax: 988 213 538  
ourense@csi-f.es

[www.heraldtoupeiras.es](http://www.heraldtoupeiras.es)



2016



News Semanais  
Herald Toupeiras